rede galega de concellos pola sostibilidade

# BASES DO II CONCURSO DE DEBUXO
# "E TI QUE PINTAS NO MEDIO?"

1.- Participantes:
Poderán participar no concurso todos os rapaces e rapazas que teñan entre 6 e 18 anos a 15 de setembro de 2010 e residentes na Comunidade Autónoma Galega.

2.- Tema e características técnicas:
- Os debuxos deberán versar sobre calquera aspecto do medio ambiente en Galicia (participación social, educación, riqueza natural e paisaxística, contaminación, etc.).
- Os participantes serán responsables da orixe da obra presentada.
- Os debuxos realizaranse sobre papel, cun tamaño máximo A3.
- As características do papel (grosor, acabado, color, etc.) e técnica serán a elección dos participantes.
- Cada participante poderá presentar un único traballo.

3.- Presentación:
a) Cada debuxo enviarase ou presentarase nun sobre pechado consignando nel: II Concurso de Debuxo "E ti que pintas no medio?", e conterá:

- O debuxo, cun lema escrito por detrás.
- Un sobre pechado co formulario de participación cuberto e co lema do traballo escrito por fóra.

b) O debuxo, acompañados da documentación anterior, presentaranse ata o 12 de novembro de 2010 na sede da Federación Galega de Municipios e Provincias, sita na rúa Varsovia 4C, 6ª planta. Área Central. 15707 Santiago de Compostela.
Todos os traballos recibidos en data posterior quedarán fóra de concurso.

4.- Xurado:
a) O xurado estará composto pola Presidenta da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, o Presidente da FEGAMP, un técnico da FEGAMP, un técnico da Consellería de Medio Ambiente, o responsable de comunicación da FEGAMP e o Secretariado da Rede.
b) O fallo do xurado será inapelable, quedando facultado par rexeitar debuxos ou declarar desertas as categorías que considere oportunas cando estime que non se axustan ás condicións establecidas.
c) Non poderá recaer máis dun premio na mesma persoa.
d) O veredicto do xurado farase público nos 30 días posteriores ao remate do prazo de admisión dos traballos. O fallo darase a coñecer directamente aos premiados, remitirase aos medios de comunicación e será publicado na páxina web da Rede.

5.- Categorías:
Establécense as seguintes categorías de participación segundo a idade dos participantes a día 15 de setembro de 2010:

CATEGORÍA A: De 6 a 9 anos.
CATEGORÍA B: De 10 a 12 anos
CATEGORÍA C: De 13 a 15 anos
CATEGORÍA D: De 16 a 18 anos

6.- Premios:
Establécense os seguintes premios únicos por categoría:

CATEGORÍA A: Escultura alegórica e un cheque de 300 euros.
CATEGORÍA B: Escultura alegórica e un cheque de 300 euros.
CATEGORÍA C: Escultura alegórica e un cheque de 300 euros.
CATEGORÍA D: Escultura alegórica e un cheque de 300 euros.

Fegamp

7.- Normas finais:
a) Os debuxos presentados ao concurso serán propiedade de FEGAMP, cedendo os autores os dereitos de uso e explotación.
b) En caso de publicarse unha compilación dos mesmas, os autores serán citados.
c) Os participantes aceptan as presentes bases polo mero feito de presentarse ao concurso.